

1. Introducción

Este documento ten por obxecto explicar, a todos aqueles interesados, o funcionamento da **escola de iniciación ao atletismo** coordinada pola **Sociedad Gimnástica de Pontevedra**.

Por mor do aprazamento das escolas municipais deportivas e coa finalidade de poder ofrecer servizo a aquelas persoas interesadas na práctica do atletismo. Propoñemos esta posibilidade para nenos e nenas de **7 a 15 anos** que queiran **iniciarse** na práctica do **atletismo**. As **sesións** serán **adaptadas** aos diferentes **grupos de idades**, sendo para os máis novos, actividades orientadas á psicomotricidade, favorecendo o desenvolvemento das habilidades motrices básicas e o enriquecemento do seu esquema corporal. Nos de idades superiores, partindo do traballo das habilidades motrices básicas que a súa vez favorecerá o desenvolvemento das habilidades específicas e técnicas das disciplinas de carreiras, saltos e lanzamentos, englobadas no programa deportivo do atletismo.

Todos contarán coa **licenza deportiva escolar** contando así co seguro deportivo do programa **XOGADE**. Ademais, aqueles/as que o desexen terán a **opción** de tramitar a **licenza federativa**.

2. Grupos de idade, horarios, instalación e prazas

Modalidade	Ano Nac.		Días	Horario		Lugar	Prazas
	Maior	Menor		Inicio	Fin		
Xogando ao Atletismo	2012	2013	Luns Mércores	17:00	18:00	CGTD	20
Xogando ao Atletismo	2012	2013	Martes Xoves	17:00	18:00	CGTD	20
Iniciación ao Atletismo I	2010	2011	Luns Mércores	17:00	18:00	CGTD	20
Iniciación ao Atletismo I	2010	2011	Martes Xoves	17:00	18:00	CGTD	20
Iniciación ao Atletismo II	2006	2009	Luns Mércores	18:00	19:00	CGTD	20
Iniciación ao Atletismo II	2006	2009	Martes Xoves	18:00	19:00	CGTD	20

Para poder iniciar un grupo, este deberá ter un mínimo de 15 participantes.



Os adestramentos **comezarán** o día 5/10/20 (para luns/mércores) e o 6/10/20 (para martes/xoves), e **finalizarán** o último día do mes de **maio**. Os adestramentos seguirán o **calendario escolar**, de forma que, nos días e/ou períodos **non lectivos, NON haberá adestramentos.**

Os grupos poderán ver modificado o lugar e horario de adestramento, nese caso, se lles fará saber aos/ás implicados/as.

3. Inscricións

Realizaranse a través do club, cubrindo o **formulario de inscrición** no seguinte enderezo electrónico: <https://forms.gle/nimBy2ZMUVMQ2sKk8>

O período de **matricula** **abrirá** o **28 de setembro**. As inscricións recibidas **ata o 30 de setembro** seguirán os seguintes **criterios de admisión**, na orde exposta a continuación:

1. Ter **praza reservada na EMD** ([pódese consultar aquí o listado](#)).
2. Ter **formado parte da escola municipal** no curso anterior.
3. Ter un **irmán** que formase parte da **escola do club**.
4. **Orde** rigorosa de **inscrición** (data e hora).

A **partires do 1 de outubro** as prazas **adxudicaranse** de acordo coa **orde rigorosa de inscrición** en dito formulario.

O coste da actividade é de **15€/mes**. Os **pagos** deberán realizarse a través da aplicación Cluber. Facilitaremos a información para formalizar os pagos, exclusivamente aos admitidos, por vía email.

AQUELES QUE XA ABONARON A COTA DE RESERVA DE PRAZA ESTARÁN EXENTOS DE PAGO ATA O MES DE XANEIRO.

Para **formalizar a inscrición**, **entregarase ao adestrador** correspondente **ao inicio** da actividade:

- ✓ **Fotocopia do DNI** do/da participante na actividade.
- ✓ **Fotocopia da tarxeta da seguridade social, ou seguro substitutivo**, a utilizar en caso de que sexa necesario.

4. Inscricións nas competicións

Os **monitores** serán os **encargados** de comunicar a posibilidade de participar en ditas competicións. Aqueles/as que desexen participar nestas, deberán

comunicalo a seu monitor con a lo menos **48 horas de antelación** sobre o prazo de inscrición (segundo o regulamento da competición).

5. Viaxes a competicións

a. Competicións federadas individuais

Serán organizadas e **sufragados polos interesados**.

b. Competicións de Clubs federadas

Serán **organizadas polo club**. Poderán ser en autobús ou por conta propia. Se o club decide que o desprazamento se realice en autobús os gastos serán **sufragados a partes iguais**, por todos os deportistas convocados e, de ser o caso, polos acompañantes.

6. Seguro de accidentes

Todos os atletas da escola nados de 2013 en adiante, **contarán co seguro deportivo** do programa **XOGADE**, **cubriendo** aquelas **lesións producidas durante os adestramentos e competicións** de dito programa, dende o comezo da escola, ata o 31 de maio de 2020; a **excepción** dos **períodos vocacionais**. Aqueles/las que opten pola licencia federada contarán co seguro durante a totalidade da tempada.

7. Equipación oficial

A **equipación oficial** consta de chándal, camiseta de asas, malla corta, top e braga. Poderase adquirir dito material na seguinte ligazón:

<http://clientes.austral.es/clubs/gimnasticapontevedra/index.php>

En **TODAS** as **competicións** será **obrigatorio participar** coa **equipación oficial do club** (mínimo: camiseta de asas e malla).

